

**1º EXERCICIO DA CONVOCATORIA DA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DO CONCELLO DE BRIÓN.**

**DATA: 11 DE NOVEMBRO DE 2021.**

**PREGUNTAS:**

**1. Que título da Constitución Española leva por rubrica: De la Reforma Constitucional?**

- a) O título VIII.
- b) O título IX.
- c) O título X.

**2. Que artigo da Constitución garante a autonomía dos municipios?**

- a) O artigo 142.
- b) O artigo 141.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**3. Segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poden ser obxecto de delegación as competencias relativas a:**

- a) A resolución de recursos nos órganos administrativos que ditarian os actos obxecto de recurso.
- b) As materias en que así se determine por un regulamento.
- c) As materias de natureza tributaria.

**4. Segundo o artigo 154 da Constitución, cales son as funcións dun Delegado do Goberno?**

- a) Dirixir a Administración do Estado no territorio da Comunidade Autónoma.
- b) Dirixir a Administración do Estado no territorio da Comunidade Autónoma e coordinala, cando proceda, coa administración propia da Comunidade.
- c) Coordinación co Goberno Central.

**5. De acordo co artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos:**

- a) Excepcionalmente, cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.
- b) Excepcionalmente, cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos desfavorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data a que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.
- c) En todo caso.

**6. A Administración poderá convalidar:**

- a) Os actos nulos.
- b) Os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- c) Ningunha é correcta.

**7. Segundo o artigo 160 da Constitución, quen nomea ao Presidente do Tribunal Constitucional?**

- a) É nomeado polo Rei, a proposta do mesmo tribunal en Pleno e por un período de tres anos.
- b) É nomeado polo Rei, a proposta do mesmo tribunal en Pleno e por un período de cinco anos.
- c) É nomeado polo Rei, a proposta do mesmo tribunal en Pleno e por un período de seis anos.

**8. O control económico e orzamentario da actividade dos órganos das Comunidades Autónomas, se exerce:**

- a) Polo Goberno.
- b) Polo Tribunal de Contas.
- c) Pola xurisdición contencioso - administrativa.

**9. De que data é a Lei de Expropiación Forzosa?.**

- a) 16 de novembro de 1964.
- b) 16 de decembro de 1974.
- c) 16 de decembro de 1954.

**10. A través de que acto se inicia o expediente expropiatorio?**

- a) Co acordo de necesidade de ocupación.
- b) Co acordo de xustiprezo.
- c) Ningunha das repostas anteriores é correcta.

**11. Son leis orgánicas?**

- a) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, as que aproben os estatutos de autonomía e o réxime electoral xeral e as demais previstas na Constitución.
- b) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.
- c) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos e obrigas fundamentais.

**12. Sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo:**

- a) Os domingos e os declarados festivos.
- b) Os declarados festivos unicamente.
- c) Os sábados, os domingos e os declarados festivos.

**13. Cando é obrigatoria a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas?**

- a) Nunca.
- b) Só cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.
- c) En casos urxentes.

**14. Que actos administrativos serán motivados?**

- a) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.
- b) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**15. Cal é o prazo no que debe cursarse a notificación dun acto ou resolución?**

- a) 20 días hábiles.
- b) 10 días naturais.
- c) 10 días a partir da data en que o acto fora ditado.

**16. Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, son?.**

- a) Son anulables.
- b) Son nulos de pleno dereito.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**17. Cando un procedemento administrativo se inicia por denuncia:**

- a) A presentación da denuncia confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento.
- b) A presentación da denuncia non confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento.
- c) A presentación da denuncia fai que o procedemento se inicie por propia iniciativa polo que outorga ao denunciante a condición de interesado.

**18. En materia de responsabilidade patrimonial, nos casos en que proceda recoñecer dereito a indemnización por anulación en vía administrativa ou contencioso - administrativa dun acto ou disposición de carácter xeral, o dereito a reclamar prescribirá:**

- a) Ao ano de haberse notificado a resolución administrativa ou a sentenza definitiva.
- b) Aos dous anos de haberse notificado a resolución administrativa ou a sentenza definitiva.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**19. Contra unha disposición administrativa de carácter xeral, que recurso administrativo se pode interpoñer?**

- a) Recurso de alzada.
- b) Recurso de reposición.
- c) As respostas a) e b) son incorrectas.

**20. Cal é o prazo que debe pasar desde a interposición dun recurso extraordinario de revisión, sen terse ditado e notificado a resolución, para entendela desestimado?**

- a) Tres meses.
- b) Seis meses.
- c) Un ano.

**21. As resolucións administrativas que se adopten por delegación:**

- a) Deberán ser ratificadas polo órgano delegante.
- b) Indicarán expresamente esta circunstancia e se consideraran ditadas polo órgano delegado.
- c) Indicarán expresamente esta circunstancia e se considerarán ditadas polo órgano delegante.

**22. En materia de potestade sancionadora das administracións públicas:**

- a) As normas definidoras de infraccións e sancións non serán susceptibles de aplicación analóxica.
- b) As normas definidoras de infraccións e sancións serán susceptibles de aplicación analóxica.
- c) As normas definidoras de infraccións e sancións poden aplicarse analoxicamente baixo a aplicación do principio de proporcionalidade.

**23. A duración dos contratos de arrendamento de bens mobles pola Administración non poderá exceder, incluíndo as posibles prórrogas, de:**

- a) De catro anos.
- b) De cinco anos.
- c) De seis anos.

**24. Se consideran contratos menores, os contratos de obras:**

- a) De valor estimado inferior a 40.000 euros.
- b) De valor estimado inferior a 20.000 euros.
- c) De valor estimado inferior a 15.000 euros.

**25. Os contratos menores definidos no apartado primeiro do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público:**

- a) Non poderán ter unha duración superior a un ano.
- b) Poderán ter unha duración superior a un ano.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**26. En materia de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, o dano alegado:**

- a) Haberá de ser efectivo.
- b) Haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- c) So haberá de ser efectivo e avaliable economicamente.

**27. A esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ¿cando suspende os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan?**

- a) En ningún caso.
- b) En todos os casos.
- c) Cando a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

**28. Nas Comunidades Autónomas uniprovinciais nas que non exista Subdelegado do Goberno, quen asume as súas competencias?**

- a) A Comunidade Autónoma.
- b) A Delegación Territorial do Goberno central.
- c) O Delegado do Goberno.

**29. Cando nunha solicitude figuren varios interesados, con quen debe a administración efectuar as actuacións que procedan:**

- a) Co representante ou o interesado que expresamente haxan sinalado, e, no seu defecto, con o que figure en primeiro termo.
- b) Con todos os que figuren.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**30. Un acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, debe notificarse:**

- a) Non debe notificarse.
- b) Debe notificarse aos interesados e contra o mesmo non caberá ningún recurso.
- c) Debe notificarse aos interesados e contra o mesmo caberá recurso administrativo.

**31. Que efecto terá o silencio administrativo nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición a que se refire o art. 29 da Constitución?**

- a) Desestimatorio.
- b) Estimatorio.
- c) No exercicio deste dereito non existe a figura do silencio administrativo.

**32. As copias auténticas de documentos realizadas por unha Administración Pública:**

- a) Non terán validez nas restantes Administracións.
- b) Só terán efectos administrativos nesa administración.
- c) Terán validez nas restantes Administracións.

**33. A expedición de copias auténticas de documentos públicos notariais se rexe:**

- a) Pola súa lexislación específica.
- b) Pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- c) Pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**34. As resolucións administrativas de carácter particular poden vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral?**

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só en caso de tramitación do procedemento polo trámite de urxencia.

**35. O defecto de forma dun acto:**

- a) Só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.
- b) Determinará a anulabilidade do acto en todo caso.
- c) Determinará a nulidade do acto en todo caso.

**36. Un acto administrativo ditado carecendo dunha autorización previa:**

- a) Non pode ser convalidado.
- b) Pode ser convalidado mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.
- c) Poder ser convalidado polo superior xerárquico do que ditou o acto viciado.

**37. De que ano é a Lei do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- a) 1980.
- b) 1981.
- c) 1982.

**38. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, agás disposición expresa en contrario, os informes serán?**

- a) Facultativos.
- b) Preceptivos ou facultativos.
- c) Facultativos e non vinculantes.

**39. Poñen fin ao procedemento administrativo:**

- a) A resolución, o desistimento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando esta renuncia no estea prohibida polo ordenamento xurídico.
- b) A resolución, o desistimento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando esta renuncia no estea prohibida polo ordenamento xurídico e a declaración de caducidade.
- c) A resolución, o desistimento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando esta renuncia no estea prohibida polo ordenamento xurídico e a declaración de caducidade. Tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas.

**40. En materia de responsabilidade patrimonial, poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular, cando:**

- a) Haxan transcorrido tres meses desde que se iniciou o procedemento sen que haxa recaído e se notifique resolución expresa.
- b) Haxa transcorrido un ano desde que se iniciou o procedemento sen que haxa recaído e se notifique resolución expresa.
- c) Haxan transcorrido seis meses desde que se iniciou o procedemento sen que haxa recaído e se notifique resolución expresa.

**41. Segundo a Constitución, as leis de bases non poderán:**

- a) Autorizar a modificación da propia lei orgánica.
- b) Autorizar a modificación da propia lei de bases, nin facultar para ditar normas con carácter retroactivo.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**42. Cal é o prazo que ten o Rei para sancionar as leis aprobadas polas Cortes Xerais?**

- a) Vinte días.
- b) Quince días.
- c) Trinta días.

**43. Como se pode aprobar unha alteración dos límites provinciais?**

- a) Polas Cortes Xerais mediante lei orgánica.
- b) Polo Goberno mediante decreto lexislativo.
- c) Polo Parlamento da Comunidade Autónoma.

**44. Segundo o art. 1 do Código Civil, ¿cando se aplican os principios xerais do dereito?**

- a) En defecto de lei.

- b) En defecto de lei o costume, sen prexuízo do seu carácter informador do ordenamento xurídico.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**45. Contra a aprobación definitiva dunha ordenanza municipal, que recurso pode interpoñerse?**

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso extraordinario de revisión.
- c) Non cabe recurso en vía administrativa.

**46. No procedemento administrativo un día se considerará inhábil en todo caso:**

- a) Cando un día fose hábil no concello ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa.
- b) Cando un día fose hábil no concello ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e hábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa.
- c) Cando se estableza regulamentariamente.

**47. No procedemento administrativo debe acreditarse a representación?**

- a) Si.
- b) Non.
- c) Si, agás para os actos de trámite.

**48. Cando prescribe o dereito a reclamar para solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial da administración?**

- a) Aos seis meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- b) Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- c) Aos tres meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.

**49. A desviación de poder pode dar lugar a que un acto sexa declarado?**

- a) Nulo de pleno dereito.
- b) Anulable.
- c) Constitutivo de falta.

**50. Respecto das disposicións dun tratado internacional que forme parte do ordenamento interno dun país, as súas disposicións só poden derogarse:**

- a) Na forma prevista no propio tratado ou de acordo coas normas xerais do dereito internacional.
- b) Na forma prevista no ordenamento interno.
- c) A través da súa inaplicación.

**51. Indica cal dos seguintes non ten a consideración de contrato de subministración:**

- a) Os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables.
- b) Os contratos que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.
- c) Os contratos de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante.

**52. Os contratos que teñen por obxecto a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos teñen carácter:**

- a) Administrativo.
- b) Privado.
- c) Administrativo, sempre que se celebre por unha Administración Pública.

**53. Cal dos seguintes contratos está exceptuado da publicación no perfil de contratante:**

- a) Os contratos cuxo valor estimado fose inferior a dez mil euros.
- b) Os contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros.
- c) Os contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adjudicadores fose o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.

**54. Nun contrato de obras con valor estimado de 400.000 euros, o empresario para acreditar a súa solvencia:**

- a) Deberá obrigatoriamente acreditar a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato.

- b) Deberá obrigatoriamente acreditar o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato.
- c) Poderá acreditar a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditar o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato.

**55. Indica a afirmación incorrecta respecto ao obxecto do contrato:**

- a) Debe referirse a unha solución única.
- b) Poderá definirse en atención ás necesidades ou funcionalidades concretas que se pretenden satisfacer.
- c) Deberá ser determinado.

**56. O valor estimado dos contratos determínase:**

- a) IVE incluído.
- b) IVE excluído.
- c) IVE incluído nos contratos de obras e IVE excluído nos contratos de servizos e de subministracións.

**57. Nos contratos de subministración ou de servizos que teñan un carácter de periodicidade, ou de contratos que se deban renovar nun período de tempo determinado, para o cálculo do valor estimado do contrato tomarase como base:**

- a) O valor estimado total dos contratos sucesivos adxudicados durante os doce meses seguintes á primeira entrega ou no transcurso do exercicio, si este fóra superior a doce meses.
- b) O valor estimado total dos contratos sucesivos adxudicados durante os seis meses seguintes á primeira entrega ou no transcurso do exercicio, si este fóra superior a seis meses.
- c) O valor estimado total dos contratos sucesivos adxudicados durante os dezaioito meses seguintes á primeira entrega ou no transcurso do exercicio, si este fóra superior a dezaioito meses.

**58. Os custos asociados ás amortizacións, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura e o beneficio industrial:**

- a) Pode ser obxecto de revisión de prezos.
- b) Non poden ser obxecto de revisión de prezos en ningún caso.
- c) Poden ser obxecto de revisión de prezos en función do valor estimado dos contratos.

**59. No procedemento de contratación, a esixencia de garantía provisional:**

- a) Procederá en todo caso.
- b) Non procederá en ningún caso.
- c) Non procederá, salvo cando de forma excepcional o órgano de contratación, por motivos de interese público, considéreo necesario e xustifíqueo motivadamente no expediente.

**60. Nos expedientes cualificados de urxentes de que prazo dispoñen os distintos órganos que interveñan na súa tramitación para emitir os respectivos informes ou cubrir os trámites correspondentes?**

- a) 5 días.
- b) 10 días.
- c) 2 días.

**61. Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán:**

- a) Aprobarse previamente á autorización do gasto.
- b) Aprobarse conxuntamente á autorización do gasto.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**62. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares corresponderá:**

- a) Ao órgano de contratación.
- b) Ao Servizo Xurídico respectivo.
- c) Á Mesa de Contratación.

**63. Nos contratos baseados nun acordo marco ou nos contratos específicos dentro dun sistema dinámico de adquisición:**

- a) Non resultará necesaria a formalización do contrato.
- b) Resultará necesaria a formalización do contrato.
- c) A formalización do contrato dependerá de criterios cuantitativos e de oportunidade.

**64. O anuncio de formalización dos contratos:**

- a) Deberá publicarse xunto co correspondente contrato no prazo de vinte días tras o perfeccionamento do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación.
- b) Requirirá de publicación adicional no Diario da Unión Europea no caso de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**65. As parcelas sobrantas e efectos non utilizables:**

- a) Son bens de uso público local.
- b) Son bens patrimoniais.
- c) Son bens de servizo público.

**66. Para as Corporacións Locais a formación dun inventario con todos os seus bens e dereitos é:**

- a) Preceptivo.
- b) Potestativo.
- c) Preceptivo ou potestativo en función da súa natureza ou forma de adquisición.

**67. Os cambios de denominación dos Municipios terán carácter oficial cando:**

- a) Sexan anotados no Rexistro creado pola Administración do Estado para a inscrición de todas as Entidades.
- b) Se aprobe polo Pleno Corporativo.
- c) Tras ser anotados no Rexistro creado pola Administración do Estado para a inscrición de todas as Entidades, se publiquen no Boletín Oficial do Estado.

**68. O Goberno e a administración municipal:**

- a) Corresponde ao Alcalde e os concelleiros en todo caso.
- b) Corresponde ao Alcalde e os concelleiros, salvo os municipios que funcionen en réxime de Concello Aberto.
- c) Corresponde ao Alcalde.

**69. Indique a resposta correcta. A Xunta de Goberno Local:**

- a) Só existe nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) Só existe nos municipios con poboación superior a 10.000 habitantes.
- c) Pode existir nos municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes si así o dispón o seu regulamento orgánico ou o acorda o seu Pleno Corporativo.

**70. A aprobación da plantilla de persoal corresponde:**

- a) Ao Alcalde.
- b) Á Xunta de Goberno Local.
- c) Ao Pleno

**71. O servizo de biblioteca pública en que municipios debe prestarse:**

- a) Nos de máis de 20.000 habitantes.
- b) Nos de máis de 5.000 habitantes.
- c) En todos os municipios

**72. Cales dos seguintes órganos existen en todas as Deputacións Provinciais:**

- a) Presidente, Pleno e Xunta de Goberno.
- b) Presidente, Vicepresidentes, Xunta de Goberno e Pleno.
- c) Presidente, Vicepresidentes e Pleno.

**73. Indique a resposta incorrecta. Son competencias propias das Deputacións Provinciais:**

- a) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo.
- b) Asistencia na prestación de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 50.000 habitantes.
- c) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

**74. Indica cal dos seguintes non aparece no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da LEBEP, como dereito de carácter individual dos empregados públicos:**

- a) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.
- b) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.
- c) Á formulación de conflitos colectivos de traballo, de acordo coa lexislación aplicable en cada caso.

**75. A aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación require:**

- a) Maioría simple dos membros presentes.
- b) Maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
- c) Maioría simple do número legal de membros da corporación.

**76. A aprobación inicial das Ordenanzas locais someterase a información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de:**

- a) Quince días.
- b) Trinta días.
- c) Vinte días.

**77. Nas sesións dos órganos colexiados, a ausencia dun ou varios Concelleiros ou Deputados unha vez iniciada a deliberación dun asunto equivale, a efectos da votación correspondente, a:**

- a) Voto negativo.
- b) A abstención.
- c) Voto afirmativo.

**78. O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a ..... parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación:**

- a) Quinta.
- b) Terceira.
- c) Cuarta.

**79. O prazo concedido polo Delegado do Goberno ao Presidente da Corporación no caso de requirimento de anulación de actos ou acordos adoptados pola Entidade Local que atenten gravemente ao interese xeral de España, non poderá ser superior a:**

- a) Dez días.
- b) Cinco días.
- c) Quince días.

**80. En que supostos dos que a continuación se citan resulta potestativa a notificación por medios non electrónicos:**

- a) As que conteñan medios de pago a favor dos obrigados, tales como cheques.
- b) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.
- c) Aquelas nas que o acto a notificar vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.

**81. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou sexa expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorran .....desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido:**

- a) Quince días hábiles.
- b) Dez días naturais.
- c) Sete días hábiles.

**82. O documento no que os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, concretan con carácter previo, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, denomínase:**

- a) Bases reguladoras da subvención.
- b) Plan estratéxico de subvencións.
- c) Rexistro Público de subvencións.

**83. Indique a afirmación incorrecta. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:**

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter xeral, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

**84. A expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente, é:**

- a) O plan de disposición de fondos.
- b) A conta xeral da entidade.
- c) O orzamento xeral da entidade.

**85. Indique a afirmación incorrecta. O orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e a el haberá de unirse a seguinte documentación:**

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a tres meses do exercicio corrente.
- c) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.

**86. Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de:**

- a) Concesión de crédito extraordinario.
- b) Concesión de suplemento de crédito.
- c) Xeración de crédito.

**87. A aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función corresponderá:**

- a) Ao Alcalde en todo caso.
- b) Ao Pleno da corporación salvo cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal.
- c) Ao Pleno da corporación en todo caso.

**88. A aplicación orzamentaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario virá definida, polo menos:**

- a) Pola conxunción das clasificacións por programas e económica.
- b) Pola conxunción das clasificacións orgánica e por programas.
- c) Pola conxunción das clasificacións orgánica e económica.

**89. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do:**

- a) Día primeiro de maio do exercicio seguinte.
- b) Día primeiro de outubro do exercicio seguinte.
- c) Día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

**90. Segundo o artigo 193.bis do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo:**

- a) Nun 50 por cento.
- b) Nun 25 por cento.
- c) Nun 75 por cento.

**91. Unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos debe acompañar á conta xeral:**

- a) Os municipios de máis de 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior.
- b) Os municipios de máis de 100.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior.
- c) Os municipios de máis de 150.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior.

**92. Indica por cal destes servizos poderán as entidades locais esixir taxas:**

- a) Vixilancia pública en xeral.
- b) Limpeza da vía pública.
- c) Ensinos especiais en establecementos docentes das entidades locais.

**93. A base imponible das contribucións especiais está constituída, como máximo, polo ..... por cento do custo que a entidade local soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.**

- a) 90.
- b) 80.
- c) 50.

**94. Os prezos públicos:**

- a) Deberán cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, en todo caso.
- b) Poden fixarse por baixo do custo do servizo prestado ou da actividade realizada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debendo consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante si houbera.
- c) Non poden exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.

**95. Indica cal dos seguintes non integra a débeda tributaria:**

- a) As sancións tributarias.
- b) As recargas por declaración extemporánea.
- c) As recargas do período executivo.

**96. O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribirá:**

- a) Aos catro anos.
- b) Aos tres anos.
- c) Aos cinco anos.

**97. Para os efectos do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o concepto de discriminación incluirá:**

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual.
- b) Calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento ao mesmo.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**98. O deber de confidencialidade dos responsables e encargados do tratamento de datos persoais:**

- a) Manterase aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- b) Manterase ata a finalización da relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- c) É unha obrigaón subsidiaria ao deber de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable.

**99. De non haber acordo entre as partes, os documentos públicos outorgados en Galicia redactaranse en:**

- a) Galego en todo caso.
- b) Castelán en todo caso.
- c) Ambas as linguas.

**100. Tratándose de compromisos de gasto de carácter plurianual dun contrato de subministración:**

- a) O gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento; no segundo exercicio, o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento.
- b) O gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 80 por cento; no segundo exercicio, o 50 por cento, e no terceiro e cuarto, o 40 por cento.
- c) Ningunha é correcta.

**RESERVA:**

**1. As débedas tributarias poderán extinguirse por:**

- a) Pago.
- b) Condonación.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos:**

- a) Calquera que sexa a lingua oficial empregada.
- b) Si se emprega a lingua galega.
- c) Si se emprega a lingua castelá.

**3. Poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre que existan para iso os suficientes recursos financeiros:**

- a) Os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que sexan concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio.
- b) Os créditos por operacións de capital.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

**4. O control e fiscalización dos órganos de goberno:**

- a) É unha competencia indelegable do Pleno municipal.
- b) É unha competencia delegable do Pleno municipal.
- c) É unha competencia do Alcalde.

**5. Os camiños son:**

- a) Bens de servizo público.
- b) Bens de uso público local.
- c) Bens patrimoniais.

**1º EJERCICIO DE LA CONVOCATORIA DE LA PLAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DEL AYUNTAMIENTO DE BRIÓN.  
FECHA: 11 DE NOVIEMBRE DE 2021.**

**PREGUNTAS:**

**1. Qué título de la Constitución Española lleva por rubrica: De la Reforma Constitucional?**

- a) El título VIII.
- b) El título IX.
- c) El título X.

**2. Qué artículo de la Constitución garantiza la autonomía de los municipios?**

- a) El artículo 142.
- b) El artículo 141.
- c) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta.

**3. Según la Ley 40/2015, del 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público, no pueden ser objeto de delegación las competencias relativas a:**

- a) La resolución de recursos en los órganos administrativos que hayan dictado los actos objeto de recurso.
- b) Las materias en que así se determine por un reglamento.
- c) Las materias de naturaleza tributaria.

**4. Según el artículo 154 de la Constitución, cuáles son las funciones de un Delegado del Gobierno?**

- a) Dirigir la Administración del Estado en el territorio de la Comunidad Autónoma.
- b) Dirigir la Administración del Estado en el territorio de la Comunidad Autónoma y coordinarla, cuando proceda, con la administración propia de la Comunidad.
- c) Coordinación con el Gobierno Central.

**5. De acuerdo con el artículo 39.3 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos:**

- a) Excepcionalmente, cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y esta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.
- b) Excepcionalmente, cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos desfavorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y esta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.
- c) En todo caso.

**6. La Administración podrá convalidar:**

- a) Los actos nulos.
- b) Los actos de la Administración que incurran en cualquier infracción del ordenamiento jurídico, incluso la desviación de poder.
- c) Ninguna es correcta.

**7. Según el artículo 160 de la Constitución, quien nombra al Presidente del Tribunal Constitucional?**

- a) Es nombrado por el Rey, a propuesta del mismo tribunal en Pleno y por un período de tres años.
- b) Es nombrado por el Rey, a propuesta del mismo tribunal en Pleno y por un período de cinco años.
- c) Es nombrado por el Rey, a propuesta del mismo tribunal en Pleno y por un período de seis años.

